



Boqueixón aproba o orzamento de 2025, que ascende a máis de 4,8 millóns de euros

O Concello destina máis dun millón de euros a investimentos en vías e obras e reforza as partidas relacionadas con servizos sociais, educación, cultura e deporte

O Pleno de Boqueixón vén de aprobar os orzamentos de 2025, que ascenden a 4.830.593 euros, permiten investir máis dun millón de euros en vías e obras e reforzan as partidas directamente relacionadas cos servizos sociais, o ensino, a cultura e o deporte. O concelleiro de Economía e Facenda, José Manuel Iglesias, presentou unhas contas investidoras, que reforzan os servizos sociais á veciñanza e que non recollen incrementos en taxas nin en impostos.

Iglesias explicou que “neste momento a suma das inversións ascende a 639.075,28 euros, pero este importe vai superar amplamente o millón de euros ao final do exercicio”. Neste sentido, as contas recollen unha partida de 97.299,17 euros para cubrir as achegas que o Concello terá que facer para acceder ás distintas subvencións que o equipo de Goberno xestiona na Xunta.



O Concello mellorará a eficiencia enerxética da escola infantil de Sergude

Así, o capítulo de inversións de 2025 recolle os 308.182,80 euros do POS+, que inclúen seis actuacións entre as que destacan a mellora da eficiencia enerxética da escola infantil de Sergude ou a mellora do firme de dous viarios en Donas e Engas, que permitirán completar o viario entre Ponte Ledesma e Codeso en aglomerado. Ademais, o alcalde, Ovidio Rodeiro, apunta que durante os próximos días farase efectiva a inversión extraordinaria de 1.443.640

euros que o Concello vai acometer na mellora do alumeadado público e na creación de sendas peonís no municipio. “Estes días comezaron os cambios das luminarias en Sergude, Lestedo, Loureda, Gastrar, Vigo e Ledesma, e posteriormente procederase a substituír os cadros de mando. E en breve empezarán tamén as obras de construción das sendas peonís, que mellorarán a seguridade viaria dos nosos veciños e veciñas”, indica o alcalde.

Aposta polo SAF e a conciliación

Rodeiro Tato fai fincapé “na aposta decidida deste equipo de Goberno polas actividades de conciliación, tanto para os pais e nais do alumnado en idade escolar como para os coidadores e coidadoras dos nosos maiores”. Así, a nova empresa adxudicataria do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) asumirá o servizo o próximo mes de abril (ver páxina 2).

A maiores, o orzamento de 2025 reserva 60.000 euros para actividades de conciliación, 30.000 euros para voluntariado, 59.000 euros para unha programación cultural de calidade, 75.000 euros para actividades deportivas e outros 62.000 euros para colaborar co tecido asociativo do municipio.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

31 mar / 06 abr

LEDESMA

Campo da festa

07 abr / 13 abr

A GRANXA

Campo da festa

14 abr / 27 abr

SERGUDE

Campo da festa de San Bieito

28 abr / 11 mai

LESTEDO

Campo da festa



Curso para obter o certificado dixital

O salón de plenos acollerá a xornada gratuíta "A Administración cerca de ti", organizada pola Subdelegación do Goberno en colaboración co Concello de Boqueixón. Unha iniciativa na que as persoas participantes poderán obter o certificado dixital para mellorar a súa relación electrónica coas Administracións Públicas.

A charla terá lugar o martes 22 de abril, de 10:00 a 12:00 horas. Inscricións gratuítas chamando ao teléfono 981 51 31 15.

O certame Xosé Neira Vilas achégase ao medio ambiente

Últimos días para participar no XI Certame de Relatos Xosé Neira Vilas, aberto a nenos e nenas empadroados en Boqueixón, estuden no municipio ou fóra, e tamén a escolares doutros concellos que estean matriculados nun centro educativo boqueixonés. Os traballos deben entregarse na biblioteca ou no colexio antes do 22 de abril.

Os textos deben estar escritos en galego, a ordenador e cunha temática común: o medio ambiente. Haberá premios para os tres mellores de cada categoría. Consulta as bases en www.boqueixon.gal.

Máis de 1,8 millóns de euros para mellorar o servizo de axuda no fogar

A nova empresa encargada de prestar o Servizo de Axuda no Fogar en Boqueixón comezará a traballar neste mes de abril. O Concello vén de incrementar ata os 1.837.389 euros a inversión na mellora deste servizo nos próximos 24 meses, de abril de 2025 a marzo de 2027.

O novo contrato inclúe melloras tanto para as persoas coidadoras, que vén incrementado o prezo por hora traballada e mellores condicións de traballo, como para as persoas que son atendidas no seu domicilio.

"A pesar de que supón un gasto moi importante para o Concello, de máis de 670.000 euros este mes-



mo ano, e que non é unha competencia municipal, non podemos esquecer que o SAF ten como principal obxectivo mellorar a calidade de vida das persoas usuarias, favorecer a

súa autonomía, posibilitar a súa permanencia nas súas casas e previr situacións de exclusión social, polo que o esforzo paga a pena", apunta o alcalde, Ovidio Rodeiro.

Concello e Agader analizan xeitos para a cesión de parcelas agrícolas

O alcalde, Ovidio Rodeiro Tato, e o concelleiro de Servizos e Obras Públicas, Manuel Fernández Muñín, reuníronse en Santiago coa directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), Paz Rodríguez, para avaliar cuestións de interese vencelladas co desenvolvemento rural do municipio e a posta en marcha de mecanismos para a cesión de parcelas agrarias.

Así, abordouse a utilida-



de do Banco de Terras en Boqueixón, un instrumento creado para evitar o abandono de terra agraria e de poñela a disposición

de todas aquelas persoas que a necesiten para usos agrícolas, gandeiros, forestais, de conservación da natureza e patrimonio.

O Concello inicia a substitución de máis de oitocentos puntos de luz

O Concello de Boqueixón vén de iniciar as obras de substitución de 2.652 farois dos 2.907 puntos de luz existentes actualmente no municipio. Uns traballos que deron comezo estes días coa instalación de preto de 800 farois de tecnoloxía LED en distintos puntos das parroquias de Sergude, Lestedo, Loureda, Gastrar, Lamas e Vigo. Uns puntos de luz adaptados especialmente a cada tipo de zona na que se instalan: vías peonís ou segundo a intensidade e velocidade do tráfico da estrada, de forma que garanten unha calidade lumínica.

Estes traballos prolongáranse durante as próximas semanas e terán continuidade co cambio de 125 centros de mando e a instalación de sistemas de telexestión, que permitirán programar os acendidos e apagados e tamén monitorizar en tempo real os datos



Novas luminarias LED instaladas no polígono empresarial de Sergude

do alumeadado público. Deste xeito conséguense unha maior eficiencia enerxética e un maior aforro económico, ademais de facilitar a localización dunha eventual avaría.

Unha actuación na que o Concello de Boqueixón está a investir máis de 1,5 millóns de euros, financiados a través do Programa

DUS 5.000, e que permitirá un aforro de consumo de enerxía de case 370.000 KWh/ano, máis do 56% do consumo actual. Isto suporá tamén un aforro económico de máis de 65.000 euros anuais para as arcas municipais, que o Concello poderá destinar a outras actuacións en beneficio da cidadanía.

Acordo a tres bandas para o arranxo da vía a Lavacolla

Os Concellos de Boqueixón e O Pino concorrerán conxuntamente a unha liña de axudas da Xunta de Galicia para arranxar a estrada que conecta ambos municipios co aeroporto de Lavacolla. Un proxecto que suporá un investimento duns 62.500 euros, dos que o Goberno galego achegará 50.000 e o resto será financiado por ambos concellos.

Deste xeito, os Gobernos de Boqueixón e do Pino buscan mellorar esta estrada que atravesará ambos municipios e que se atopa moi deteriorada. A intención é actuar sobre unha distancia de 1,5 quilómetros, onde se repararán as fochancas, se limparán as gaviás e se aplicará unha nova capa de aglomerado.



Numerosa xuntanza parroquial no local social de Codeso

O local social de Codeso encheuse para acoller un xantar de confraternidade organizado pola asociación de veciños da parroquia. Unha celebración que é a antesala do III CodeFest, que terá lugar na tarde-noite do venres 11 de abril coas orquestras Olympus e Finisterre. Haberá carpa e pulpería.



A rapazada do Entroido Activo visita a Casa do Concello

A ducia de nenos e nenas que participou no Entroido Activo visitou a Casa do Concello, onde foron recibidos polo alcalde, Ovidio Rodeiro, e a concelleira de Servizos Sociais, Ángela Conde. A rapazada, de entre 3 e 16 anos, acudiu disfrazada con máscaras de Entroido elaboradas neste programa de conciliación.

Comezan os cursos de formación dixital nas parroquias

Os primeiros cursos gratuítos de formación dixital nas parroquias terán lugar nos locais sociais de Lestedo (con 2 grupos, un o 1 e 3 de abril e outro o 6 e 8 de abril, ao non xuntarse xente en Boqueixón) e Ledesma (28 e 30 de abril). En maio será a quenda dos locais sociais de Codeso, Lamas e Sergude, e da casa da cultura de Camporrapado. Todos de 16:00 a 18:00 h. Dirixidos a maiores de 55 anos, buscan ensinarlles a navegar pola Rede e usar os seus dispositivos móbiles para calquera xestión: citas médicas, trámites bancarios, lecer... Inscripcións no 981 513 115 (cando menos 15 días antes do inicio).

Xornada sobre educación sexual

"Educar en familia" presenta unha charla sobre educación sexual para pais e nais con crianzas en Infantil, Primaria ou Secundaria o xoves 3 de abril, ás 17:00 h, na biblioteca do Forte. Organiza: Servizo de prevención de condutas adictivas. Colabora: Consellería de Sanidade. Inscripción: educarenfamiliaconcellos@gmail.com.

Mostra didáctica de traxes tradicionais

O salón de actos do CPIP Antonio Orza Couto acolle ata o 11 de abril a mostra didáctica "Traxes tradicionais de Galicia e o falseamento histórico na folclorización", feita por Susana Peleteiro e organizada polo Concello e o colexio.

Os campamentos de verán abrirán preinscricións do 21 ao 30 de abril

O Departamento de Xuventude do Concello de Boqueixón, en colaboración con Vedra, presenta unha nova edición dos campamentos de verán. Trátase dunhas actividades socio-educativas e de desenvolvemento persoal que buscan potenciar as relacións entre a rapazada mentres desfrutan de iniciativas deportivas e de tempo libre. A día de hoxe están convocados dous campamentos, cuxa preinscrición estará aberta do 21 ao 30 de abril en www.boqueixon.gal:

Minicampamento de aventura, dirixido a nenos e nenas nados nos anos 2014, 2015 e 2016. Terá lugar do 30 de xuño ao 3 de xullo (4 días e 3 noites).

Campamento de mar, do 22 ao 29 de xuño (8 días e 7 noites). Ten como destinatario mocidade nada en 2009, 2010, 2011, 2012, 2013 e 2014.



Máis información sobre estas iniciativas e o **Campamento xuvenil / Viaxe de**

Verán na web municipal e nas redes sociais do Concello de Boqueixón.



Mes de éxitos para o Squadra Boqueixón

O club de ximnasia rítmica Squadra Boqueixón vén de pechar un fantástico mes de marzo, que comezaron enchendo o polideportivo do Forte na súa Gala do 8 de Marzo. Despois estrearon a temporada cun segundo posto do conxunto infantil e dous terceiros no Torneo Gravity. E culminaron a fazaña na primeira fase do Torneo Interescolas Norte, disputado en Burela, con ouros para Lara Suárez, Valeria Arminio e o trío Alevín; prata para Iraila Iglesias; e bronzes para Martina Rey e Saso Mendoza. A maiores, Sabrinna Dantas foi terceira no Torneo Cidade do Lérez.



Sergude celebra o Entroido por todo o alto

Os veciños e veciñas de Sergude celebraron por todo o alto o Entroido, que por vez primeira nos últimos anos contou coa complicidade da meteoroloxía, que acompañou durante toda a xornada e facilitou o normal desenvolvemento da programación prevista.

Unha festa que arrincou ás 10:00 horas, cos Correos, Xenerais e Comparsas percorrendo Sergude cos seus cantos de taberna e acompañados polo grupo Son de gaita.

da festa foise enchendo de xente con moitas gañas de pasalo ben e disfrutar da Parranda de Entroido e da música de Son de gaita.

Puntuais chegaron os Xenerais da Ulla, cuns atranques moi aplaudido e onde o bo humor estivo presente en todos os temas tratados, dende a parcelaria e o irmandamento con Lalín, ata os problemas para reunir xente para organizar a festa. O sorteo da carretilla do Entroido e o Dúo Óbice puxeron fin á festa.





Boqueixón celebra o Día da Muller

O Concello de Boqueixón conmemorou o Día Internacional da Muller cun amplo programa de actividades durante o mes de marzo. Así, máis de 150 persoas tomaron parte na andaina teatralizada “No Camiño da Igualdade”, organizada en colaboración con Vendra. Un percorrido entre Agronovo e a Carballeira de Sucira cheo de sorpresas, xogos e representacións teatrais para reflexionar sobre a importancia da muller na historia, empoderando ás nosas avoas labregas e gandeiras, pero tamén co-

ñecendo os logros doutras mulleres en campos como a literatura ou a ciencia.

Sobre isto mesmo xirou a xornada de Teatro pola Igualdade, coa obra “Jane e Rachel”, que lles falou ás familias do papel da muller na ciencia a través de Jane Goodall e Rachel Carson. Ademais, a rapazada dos servizos de conciliación expuxeron no concello unha árbore pola igualdade.

Unhas actividades organizadas en colaboración co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o Ministerio da Igualdade.



Experiencia inesquecible na viaxe a Cuenca e á Cidade Encantada

Medio cento de veciños e veciñas participaron na viaxe a Cuenca e á Cidade Encantada. Unha experiencia inesquecible na que puideron descubrir os encantos dunha cidade declarada Patrimonio da Humanidade, dende unha catedral inacabada ás casas colgantes, percorrendo o casco antigo.



Cinco nenos e nenas de Boqueixón disfrutan da neve en Asturias

Cinco nenos e nenas de Boqueixón, de idades entre os 11 e os 15 anos, participaron na campaña de esquí da Deputación. Candela, Julia, Marta, Uxía e Sydharta disfrutaron duns días na estación de esquí de Valgrande-Pajares (Asturias) onde aprenderon a esquiar e disfrutaron da neve.



Filloas de Lestedo contra as borrascas

“Uns ovos a Santa Clara e unhas filloas de Lestedo”. Así xustificou o alcalde, Ovidio Rodeiro, que a treboada Jana que un día antes condicionou o Filloa Folk, dera un descanso no día grande da 42 edición da Festa da Filloa de Lestedo. Ao mediodía tivo lugar o VIII Desfile de Xenerais da Ulla, o máis numeroso destas oito edicións, e tras o pregón unha ducia deles fixeron seis atranques.

Un pregón da man de Isabel Pichel, quen convidou aos presentes a cantar o

Himno de Lestedo. Acto seguido tivo lugar a imposición dos Mandís de Honra á propia xornalista, aos conselleiros de Facenda, Miguel Corcos, e de Sanidade, Antonio Gómez; ao vicepresidente da Deputación, Xosé Regueira; ao director de Turismo de Galicia, José Manuel Merelles; e á presidenta da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, María Alonso. O Cocido de Lalín protagonizou o xantar, debido ao irmandamento entre ambas festas.



O Encontro de Maiores terá lugar o sábado 3 de maio

O polideportivo municipal do Forte acollerá o XXXII Encontro de Maiores de Boqueixón o sábado 3 de maio. A festa comezará ás 12:30 horas cunha misa no salón de actos do CPI Antonio Orza Couto. O xantar de confraternidade está previsto para as 13:30 horas e dará paso a unha sesión musical e de animación, con sorteos, agasallos e unha homenaxe ás persoas de maior idade.

O Concello bonificará a entrada das persoas empadroadas de 60 ou máis anos e pensionistas acreditadas, que só achegarán 15€, mentres que o resto de participantes terá que pagar os 35€ do prezo do menú. Ademais, o Concello facilitará traslado en autobús ás persoas que o soliciten. As entradas deberán recollerse no Concello antes do 30 de abril.

Abertas as inscricións no servizo de conciliación Semana Santa Activa

O Concello de Boqueixón abre o prazo de inscricións nunha nova edición do servizo de conciliación Semana Santa Activa, un programa lúdico educativo que facilita a conciliación laboral e familiar nestas vacacións de Semana Santa.

As actividades desenvolveranse nas instalacións do concello e do CPI Orza Couto, do Forte. O Concello oferta un máximo de 25 prazas.

Datas: días 14, 15, 16 e 21 de abril de 2025 (coincidindo co período vacacional de semana santa)

Horario: de 09:00 a 14:00 horas.

Dirixido a: rapazada que curse 2º ciclo de educación infantil, primaria e secundaria, con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, cuxas nais, pais, titoras ou titores estean empadroados/as en Boqueixón (mínimo 3 meses de antigüidade) ou cando os/as menores estean escolarizados nun cen-



tro educativo do concello de Boqueixón.

Prezos: Programa completo 30€. Días soltos 10 €. Consultar bonificacións.

Inscricións: Realizaranse enviando a ficha de solicitude e demais documentación obrigatoria, a través da sede electrónica do Concello de

Boqueixón (preferentemente) ou ben presencialmente no Rexistro Xeral do concello, ata cubrir as prazas ou ata o 10 de abril.

Folla de inscrición e bases en www.boqueixon.gal. Máis información: 981 513 061 ou 981 513 106 e en cim@boqueixon.com.

AXENDA DO MES DE ABRIL

Martes 1 **Formación dixital**
Local social de Lestedo.
De 16:00 a 18:00h.

Xoves 3 **Educación en familia: educación sexual**
Biblioteca do Forte, ás 17:00 h.
De balde. Dirixido a familias. Inscricións en: educarenfamiliaconcello@gmail.com

Martes 8 **Formación dixital**
Casa do Concello.
De 16:00 a 18:00h.
Dirixido a maiores de 55 anos das parroquias de Boqueixón e A Granxa. Inscricións: 981 513 115

Xoves 10 **Semana Santa Activa**
Fin do prazo de inscrición.
Información: www.boqueixon.gal

Venres 11 **III CodeFest**
Campo da festa de Codeso.
Actuación de Olympus e Finisterre.

Martes 22 **A Administración cerca de ti.**
Salón de Plenos, de 10:00 a 12:00 h.
Obtén o Certificado Dixital.
Inscricións no 981 513 115.

Martes 22 **XI Certame de Relatos Xosé Neira Vilas**
Fin do prazo de presentación.
Información: www.boqueixon.gal.

Luns 28 **Formación dixital**
Local social de Ledesma.
De 16:00 a 18:00h.
Dirixido a maiores de 55 anos da parroquia de Ledesma.
Inscricións: 981 513 115

Sábado 3 **Encontro dos maiores**
Polideportivo do Forte. 12:30h.
Máis información: 981 513 115.

Sábado 10 **Teatro: "Asuntos escuros" Club de Maiores de Boqueixón**
Casa da Cultura de Camporrapado.
19:00 h. Entrada libre e de balde.

Sábado 17 **XI Carreira Camiño das Letras**
Saída do Pico Sacro. 10:00 h.
www.carreirasgalegas.com

Domingo 18 **XLVIII Desfile de Carrozas de San Cidre**
Oural-Camporrapado.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 CIM: 981 513 106 Cultura: 981 513 115 Dto. Local e Turismo: 981 513 061
concello@boqueixon.com cim@boqueixon.com cultura@boqueixon.com boqueixonturismo@gmail.com